


MISA CON NENOS

18 de xuño de 2017 - CORPUS CHRISTI - A

XOÁN 6, 51-58: "O que come a miña carne e bebe o meu sangue habita en min e eu nel".

Mensaxe: A eucaristía, punto de encontro cos irmáns e con Deus.



**Eucaristía, punto de
encuentro
cos irmáns e con
Deus.**



1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: A Igrexa celebra a festa do **Corpus Christi, a festa da Eucaristía**. A Eucaristía é a reunión que todo crente necesita cada domingo para unírnos a Cristo, celebrar a fe en comunidade, para alimentala, para crecer en fraternidade e reavivar a nosa esperanza en Xesús, que quedou para sempre connosco. Pero os que participamos da Cea do Señor debemos tamén compartir cos máis pobres construíndo un mundo máis xusto. Por iso celebramos tamén o día de Cáritas, que nos recorda **e invita a ser pan para os demais, como Xesús, dándonos a todos**.

(Colocamos nun lugar visible un pan grande e esta inscrición: "A eucaristía é punto de encontro cos irmáns e con Deus?).

SAÚDO: No nome do Pai ... **O Señor, que se entregou por nós e é o noso alimento, sexa con todos vós.**

2. PERDÓN

(Sacerdote): A Eucaristía é compromiso de entrega e de unidade. Pidamos perdón de todo o que nos separa a uns dos outros e tamén de Deus:

- Ti, que es pan vivo, o alimento da nosa fe. **Señor, ten piedade.**

- Ti, que nos enches de vida e mantés a nosa esperanza. **Cristo, ten piedade.**

- Ti, que es fonte de entrega, de unión e de paz. **Señor, ten piedade.**

(Sacerdote): Deus, noso Pai, que nos alimenta co pan da súa Palabra e da súa Eucaristía, teña piedade de nós, perdoe os nosos pecados e nos leve á vida eterna.

3. PALABRA DE DEUS

MONICIÓN ÁS LECTURAS

Hoxe celebramos o gran agasallo da Eucaristía. No libro do Deuteronomio Moisés, camiño do deserto, recibiu o maná, aquel alimento do ceo para que non perecesen de fame. San Paulo descríbennos como a eucaristía nos une aos que nos alimentamos do mesmo Corpo de Xesús. San Xoán no evanxeo invítanos a comer o pan da eucaristía para que o Señor habite en nós e nos encha de Vida.

LECTURAS

DEUTERONOMIO 8, 2-3. 14b-16a:

Alimentoute co maná, que ti non coñecías nin coñeceron os teus pais.

SALMO 47:

R/. Glorifica ao Señor, Xerusalén.

1ª CORINTIOS 10, 16-17:

O pan é un; nós, sendo moitos, formamos un só corpo.

Irmáns: O cáliz da bendición que bendicimos, non é comunión do sangue de Cristo? E o pan que partimos, non é comunión do corpo de Cristo? Porque **o pan é un, nós, sendo moitos, formamos un só corpo**, pois todos comemos do mesmo pan.

Palabra do Señor.

XOÁN 6, 51-58:

A miña carne é verdadeira comida, e o meu sangue é verdadeira bebida.

Narrador: Naquel tempo díxolles Xesús aos xudeus:

Xesús: -«*Eu son o pan vivo que baixou do ceo; o que coma deste pan vivirá para sempre. E o pan que eu lles darei é a miña carne pola vida do mundo*».

Narrador: Discutían os xudeus entre si:

Xudeus: -«*Como pode este darnos a comer a súa carne?*».

Narrador: Entón díxolles Xesús:

Xesús: -«*En verdade, en verdade vos digo: se non comedes a carne do Fillo do home e non bebedes o seu sangue, non tedes vida en vós. O que come a miña carne e bebe o meu sangue ten vida eterna, e eu resucitareino no último día. A miña carne é verdadeira comida, e o meu sangue é verdadeira bebida. O que come a miña carne e bebe o meu sangue permanece en min e eu nel. Como o Pai que vive me enviou, e eu vivo polo Pai, así, do mesmo xeito, o que me come vivirá por min. Este é o pan que baixou do ceo: non como o dos vosos pais, que o comeron e morreron; o que come este pan vivirá para sempre*».

Palabra do Señor.

(Narrador – Xesús - Xudeus).

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote): *Ao Señor, que nos alimenta cada domingo na Eucaristía, dicímoslle:*

- Dáanos, Señor, o Pan de Vida!

- 1.- Pola Igrexa, para que nos axude a coñecer, valorar e celebrar en familia a Eucaristía dominical. **Oremos.**
- 2.- Para que escoitemos con atención a Palabra de Deus, que é a luz das nosas vidas. **Oremos.**
- 3.- Para que participemos na misa cantando, orando, comungando. **Oremos.**
- 4.- Para que a Eucaristía nos una a Xesús e cre entre nós lazos de unión. **Oremos.**
- 5.- Para que os que aquí comemos na mesma mesa compartamos tamén as nosas cousas. **Oremos.**
- 6.- Polo grupo de Cáritas e por todos os que traballan ao servizo dos pobres e necesitados. **Oremos.**
- 7.- Polos nenos e nenas que neste día celebran a "primeira comunión", para que esa "primeira" comunión non sexa a última, nin sexa demasiado distanciada a súa participación na comunidade. **Oremos.**

(Sacerdote): *Acolle, Señor, a nosa oración e que Xesús nos axude na entrega e no servizo. **Que vive e reina ...***

5. OFRENDAS

-PAN GRANDE:

Señor, hoxe queremos ofrecerche este pan que tantas veces comemos xuntos compartindo a nosa vida, as alegrías e tamén as dificultades. Que os que comemos o pan da eucaristía cada domingo vivamos unidos e aprendamos a partir e compartir con todos.

-PAN E VIÑO:

O pan e o viño converteranse no corpo e no sangue de Xesús. A Eucaristía únenos a Xesús e Deus habita en nós. Vivamos sempre unidos a Xesús, crezamos na súa amizade.

-COLECTA DE CÁRITAS:

Cáritas quere crear futuro esperanzador onde non hai un futuro. Cáritas necesita a nosa colaboración económica; invítanos ás accións de voluntariado, e tamén a botar unha mirada ao redor para descubrir quen é o último e interesarse por el. Grazas pola vosa xenerosidade.

COMPARTIMOS A MESA EN FAMILIA

Xesús: cantas veces me sentei á túa mesa para compartir a presenza, a palabra e a amizade. Nela comunícame a vida de Deus e vas alimentando a miña vida. Sempre estás disposto a acollerme e a vivir unha auténtica comunión comigo. Es ti quen me invita e me espera. Coñeces moi ben as miñas infidelidades pero esquécelas e dime que viñeches para os que máis che necesitan, os pecadores. Non son digno de recibirte, pero sei que queres vir á miña casa porque me amas e queres axudarme a ser mellor. Grazas por tantas veces como me acolliches á túa mesa e chegácheste ata a min como salvador e compañeiro de camiño. E que aprenda a comulgar tamén cos irmáns, compartindo con todos.

Posible acción de grazas

Xesús, Pan feito agasallo

Xesús, aínda que hoxe non tivese agasallos,
estaría contento contigo
pois regaláchesme o teu amor
e quixeches chamarme o teu amigo.

Ti deches a túa vida por min
e, escondido no pan e no viño,
quixeches quedar comigo.

¡Que grande é o teu amor cara a min
pois queresme ter como amigo!
Eu dígoche, Señor, que te quero
como quere un amigo a outro amigo.

Que feliz por sentar á túa mesa
e sentir que son un contigo!
Sempre quero seguirte, Señor,
quero sempre seguir os teus camiños
e sentir na miña man a túa man de amigo.

Non me deixes, Xesús, bo amigo,
e se algún día, Señor, eu esquezote,
búscame, Bo Pastor,
e cargado nos teus ombreiros
lévame contigo, meu amigo divino.

Corpus Christi - Ciclo A

Eucaristía:
encuentro de Dios
y
la Humanidad



por si puede ser útil...

RED CATEQUESIS GALICIA

RED CATEQUISTAS GALICIA 2017